

PROXECTOTERRA - INTERCAMBIOS TERRITORIAIS

TERRITORIO DE ALLARIZ

Opción B): AS CORCERIZAS – ALLARIZ

PRIMEIRO DÍA

- **De 08:30 a 09:00.-** Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar a “As Corcerizas” entre 11:30 e 11:45. Contactos **Paula** e **Analía** (988 374 318 – 986 229 089).

- **De 11:30 a 11:45.-** Chegada a “As Corcerizas” na Serra de San Mamede
<http://www.ascorcerizas.com/>

- **De 12:00 a 18:00.-** Hai dúas posibles actividades a desenvolver dependendo da climatoloxía e o que acorde o profesorado coas monitoras Paula e Analía info@ascorcerizas.com :

1.- Coñecer para entender. Sentir para crer. Esta proposta desenvólvese no equipamento de As Corcerizas e nela se plantean a relación dos asentamentos humanos cos principais problemas ambientais, a aplicación práctica das enerxías renovables e a xestión alternativa dos residuos, a bioconstrucción como alternativa facendo interpretacións de posibles aplicacións no propio equipamento rematando cunha actividade práctica de construción en barro.

2.- Outros lugares, outras xentes, outras formas de vivir. Esta proposta combina actividades no propio equipamento sobre a bioconstrucción como alternativa, facendo interpretacións de posibles aplicacións no propio equipamento, cun roteiro pola Serra de San Mamede no que se fai análise da paisaxe e impactos dos asentamentos humanos xunto cunha visita etnográfica polo pobo de Rebordecho.

- **De 18:30 a 19:00.-** Chegada ao **Albergue Salesiano Arnoia** (tfno: 988 440 028). Aquí a persoa de contacto é **José Luis** rsalesianaa@planalfa.es . Faremos o reparto dos cuartos.

- **De 19:00 a 21:15.-** Tempo libre. Temos concedido o uso gratuito da Piscina Municipal (indicada no mapa e teléfono 988 442 083) co único requisito de facer turnos a partir das **20:00 e ata 21:15 de 20 persoas máximo por turno. Moi importante respectar o horario e o tamaño dos grupos. O/a profesor/a acompañante terá que estar co alumnado no recinto da piscina.**

- **Ás 21:30.-** Cea no Albergue.

- **As 22:15.-** Proxección da película “**A lingua das bolboretas**”.

SEGUNDO DÍA:

- **Ás 09:30.-** Almorzo.

- **De 10:00 a 10:30.-** Recollida dos cuartos e equipaxes.

- **Ás 10:30.-** Vos recollerá no albergue o **guía de Reatur** (persoa de contacto Vanesa 988 440 126 reaturallariz@yahoo.es). No caso de que o grupo sexa superior a 35 persoas tentaremos que haxa dous guías para poder facer dous grupos.

- **De 10:30 a 13:30.-** Estaremos facendo unha **visita polo centro histórico de Allariz**, visitando o **Museo do Coiro**, o **Muiño do Burato** e o **Museo do Xoguete** como significativas actuacións de recuperación do patrimonio etnográfico da vila, e facendo espacial fincape nas actuacións que o Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Allariz (P.E.C.H.A.) deu como resultado a concesión en 1994 do Premio Europeo de Urbanismo.

- Saneamento do cauce do río Arnoia
 - Recuperación medioambiental das marxes do río Arnoia.
 - Rehabilitación integral de vivendas
 - Actuacións en rúas e espazos comúns.
- **14:30.**- Xantar no Albergue.
 - **De 15:30 a 16:30.**- Tempo libre para un percorrido pola vila.
 - **As 16:30.**- Camiño de volta.

LEMBRADE QUE:

- debedes levar saco de durmir, toalla, muda de roupa, roupa de baño (gorro, bañador e chanclas).
- tedes que levar o xantar para o primeiro día.
- moi importante: levade calzado cómodo para andar polo campo.